



E meterei a miña Lei no seu peito

REBECA BACEIREDO

Rebeca Baceiredo,
Estaleiro Editora, 2014

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Samuel Solleiro

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Imprime:
Sacauntos

Depósito Legal: C 484-2014
ISBN: 978-84-616-9096-1



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome da autora e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

CARA A

*«Todo me está permitido» pero non todo me presta;
«todo me está permitido» mais eu non me deixarei
dominar por nada.*

CORINTIOS 6: 12

*Ti, demo, que repousas axexando e todo o percorres
[co teu ollo inmóbil,
aprende que a miña Palabra de Potencia
non che será posíbel, non, arrincarma.*

LIBRO EXIPCIO DOS MORTOS

Ah, pessoa, como não te usar e ser!

CLARICE LISPECTOR

*—Pero, por que se mataron un ao outro?
—E eu que sei! É a linguaxe do amor,
que ninguén entende.*

ELISABETH SMART

*Como podo castigarte? Póndoche diante dos ollos todo o que me
fixeches vivir? Todo o que me fixeches, blind blind man?*

NIKI DE SAINT PHALLE

*Estás sentado fronte a ti mesmo e nin podes mirarte
con piedade.*

JOSÉ ÁNGEL VALENTE

«Who Are You?»

TOM WAITS

They're lining up

Isto é unha ficción.

Ela bucea a natureza da linguaxe. Ela é percusión. Ela non coñece os afectos, porque é anegada por eles. Que é iso? O narcisismo de Eros, que non ten nada que ver coa presenza do corpo e si con outros territorios: dominios. Así que ela non se estende e quedan pregamentos escuros. Perigosos. Porque a superficie cóncava do pregamento é escura, pero a convexa, corta. Fai finos e profundos sucos de sangue.

Ela agradece que non se lle dea moita importancia. Isto é non intervir, non bloquear o fluxo vertical e convulso do seu ánimo. Así pode, despois, ofrecer unha flor. Pero se lle interfires os procesos, afoga na présa, abafa na vida contida. Retida. «Mira, se me fas definir cada movemento da auga, non me permites chegar a outra corrente. Iso é matarme nun carreiro cego. E que no final do estertor che rebente o bazo. Por unha noción vaga de autodefensa». Non loites con ela, porque vai gañar. A potencia obrígaa á supervivencia, no nivel que ti dispoñas. Ela intenta subilo. Ti báixalo. Ben. Estás preparado para a dor? (ou a dor da alma-duración é só para os seres con consciencia?).

To mad dog your tilta whirl

Entón pide que as apertas non sexan intentos de anexión. Un corpo agarrando outro corpo cara a si é un abuso de confianza. Os primeiros enténdeos inconscientes. Pero

nos terceiros non atura máis e un ciclón varre a terra cunha intensidade proporcional á consideración do aproveitamento.

Por iso ela gosta do olor a garaxe. E a verniz. E a pintura. E a gasolina. Inspira e hai un tope inexpugnábel que loita por quebrarse. E nunca, nunca, nunca é posíbel. E por iso ela gosta do jazz, porque lle dixeron que era o punto medio entre o intelecto e a sensibilidade. Entón ela dixo: si, si, e iso é un funambulista mantendo o difícil equilibrio da corda. *Take it to he limit*. Jazz e tóxicos son o mesmo: un anzol pescando o medio do peito tres chanzos por riba. E tira solta tira solta tira solta.

Porque hai unha rotonda. Porque é moi grande. Por iso quizais se perda a sensación de círculo. Vai abrir o círculo co peso dos seus pés.

Shots for a dollar

«Quero que saibas todas as cousas que sei». Agora ela sente un clímax de consciencia, coma unha síntese da duración, o aleph de todos os recursos nus. Revélase na súa intimidade, para ela, contándose os seus propios segredos. A súa natureza non pode ser (a)collida. Porque non quere. Porque gusta, tamén, do rock progresivo. Porque gusta de ir correndo detrás dela (mesma-outra). E fatigarse. Non, diso non gusta, é unha consecuencia inexorábel. Entón, punk-rock. Romper en cada movemento a súa continuidade. Mira, non, ela gusta da new wave, unha nova onda.

Nesa éxtase de dor, a xente aí fóra brinda. Brinda e ri pola empatía da éxtase. Dá igual de que tipo. Toda éxtase é un desprazamento, unha vontade de fuxir dunha mesma.

O tempo é a goma que masca, o sabor dúralle un par de mandíbulas. Posúe o tempo se camiña desfecendo tánatos. E desfecendo eros. Agora posúe a pulsión do ser eliminando formas para insuflarlle o hálito do proceso, abrir as portas para seguir deambulando.

Win a real live doll

Ela hoxe limpou os cristais da fiestra, que se estende parella ao ceo. E un paxaro decidiu descargar o excedente nela. Moitas veces non hai chuvia que limpe. Entón ela colle papel.

Entón ela colle papel hixiénico para escribir. A tinta é un engano de asepsia. A tinta é un placebo. A tinta é facer borrón sobre borrón, pero o que se vela subxace virxe como aquela primeira vez que se atopou no faiado. A tinta non é indelével. O rexeitado, si. O rexeitado é a sombra da mazá que nunca se dixeriu. Non se ven só as cousas visíbeis.

A vida é só iso: a nudez, a mazá perpetua in-dixesta, e os farrapos xustapostos non callan. Ela agora afaise a revivir a rata morta que non apodrece cada vez que razóns diversas a conducen, autómatas, a ese faiado achado de nena. Ou dánse distintas causas para un mesmo efecto: o corpo da rata eternamente morto aparecido de súpeto no medio do cuarto.

É ambiciosa: quere máis disto, a pesar da loucura. Non... Ela non asina ese contrato. Queda aí, apenas mollando os pés. Vai ás orxías a aprender algo de deus. Satisfeita? Non quere estar. Non quere calquera éxito.

All the lies that you tell

Pensar provoca o berro do chan.

A imperfección forma parte das cousas.

Desculpade que ela non se exprese ben, é que lle cómpren as mans para falar.

Din: «ela é moi parida». Dígovos: porque pare o mundo cada vez que sae á rúa. Ela pinta os beizos e marcha.

A bicar o mundo (nacido). Frecuentemente o mundo mételle a lingua, rózalle a úvula até a náusea e acaba por engulila.

Frecuentemente ela é a mazá indixesta do mundo.

O mundo é a rata morta que ela frecuentemente bica.

Déixase caer coa saia do vestido parapetando o aire en paracaídas até rozar coa herba: comichando no aire e co chan nos pés.

I believed them so well. Take them back

Hai sol, hai sol que cega os ollos, pero ela sabe tapalos.

Ela sabe que eses animais que saben escribir, porque teñen o pecado da transcendencia, chaman amor ao pracer de ver as propias imaxes edulcoradas nun outro

co que, á súa vez, manteñen unha recíproca proxección. Narcisos copulando e narcisos batendo entre eles foron o motor da especie que arrasou o mundo. Narcisos, uns aos outros, mostrándose as belezas miserentas das que son capaces. Alguén di ‘quérote’, a sombra dun pensamento.

Ela quere por riba dos corpos. Ela quere, por exemplo, ese vento: «quero estar contigo ao sol», mais están saturados de sol e aínda non comezou o verán.

Take them back to your red house

Pero a realidade cae coma orballo e todo pensamento húmido se materializa na auga.

Había veces, moitas, nas que ela era humana de máis. E vía raios na lapa da candeia. E choraban moito, moi abrazados, non polo que se amaban, senón polo dano que se fixeran, a si mesmos e ao outro: que amorosa forma de matar, compartindo o coitelo.

Ela ten unha memoria de (super)vivencia. Gosta dos ritmos fortes, marcar os pasos: as pegadas teñen que ser profundas para ter beleza, para ser case arte. O camiño vai da pegada ao sentido (facelo á inversa é saltar a vida). Ela quere a duración, non a extensión. A duración da vida é o fortalecemento do sistema inmunolóxico: entran virus, xeras antivirus, entran virus máis fortes, xeras antivirus proporcionalmente eficaces. E, perdida toda inocencia, morres. Morres presa de ti mesma. Unha morte previa a isto é unha morte trágica. Aínda que tamén din que é posíbel, recollidos todos os recursos, restituír unha

sorte de mirada orixinaria. Non é a mesma que a orixinal, a primeira... contan que é mellor: sabe e sabe que (aínda) non sabe (todo). Non: sabe que o todo non existe. Cando a morte chega nese momento tívose unha vida lonxeva.

Mira, todo ser vivo ten dereito a morrer.

For that fearful leap into the dark

Pero ela ten moito camiño que percorrer, así que convalece e reinsírese sen recuperarse. Un catarro que nunca se fai gripe pero mantén sempre moco nos pulmóns. Ten, tamén, uns ombreiros bonitos, pero incómodos. E algo novo na mirada. Un segredo profundo: as palabras chegar tarde e sempre sobran cando non querer mollarse é o erro: hai que empaparse de vida para que a vida non alague (a víscera). Porque ela ten un tope, coma o da cisterna. Roza o enigma e sabe, entón, que nunca amou. Que ninguén amou nunca. Porque nunca ninguén viu a deus. Así quedou o misterio sendo pantasma, un berro nunha illa. Ela verqueu toda a impotencia en bágoas. E as bágoas teñen memoria e a memoria superpón dúas capas de photoshop: «son Medea. Coñézome e témome. Coñézome na profundidade dos océanos, por moito que só navegue as ondas da praia. Non buceo ben, os pulmóns non me chegan para respirar o primeiro átomo. Shhhh... cala e mira o compás trémulo facendo o real. Afástome e mírote... e limpo as esquinas con bágoas. E as bágoas son lupas. Un balbucido prelingüístico». I´m not ready to ride wildly with you, to ride on you sen que a gorgona me devore.

I did my time

Canto ocupan as cinzas do esqueleto desarticulado?
Ocupan isto: adorei respirar o aire viciado. Pero abro
as fiestras. Porque ela era hiperlóxica. Pero a lóxica pode
comporse a partir de distintos vieiros, e non hai un máis
válido que o outro. E ela recoñeceu a suspensión do
pensamento: «québrate comigo!» E xuntos quebraron.
Porque, iso si, cumpríanse todas as incitacións, que son
promesas de Pronovias. E caeu o monzón, por fin, e fixo un
río raiano que vían agora, pálidos, desde a fiestra. Aberta.
A cinza e a auga entraban en contacto con sons xordos.

Ela tiña unha enfermidade contraída: unha lepra da
alma. A enfermidade é o corpo negado e ela só quería
a curación, un corpo irrestrito no que coubese a súa
alma libérrima. Así que ela dixo adeus. E ciclos de
acontecementos como un pote verquido viñeron pousarse
sobre os corpos. Como o eructo dun volcán. Ela renuncia
ao contrato das convencións e arrinca a liberdade do
muro, a liberdade obtida ao asumir todas as consecuencias
do decidido. E xa a consecuencia ten unha cor granate
de sangue podre.

A liberdade e ela, as dúas espidas, berrando: « ! »

In the jail of your arms

«Entón recollo as mans na masa informe e húmida que é
ovo e métoo así na boca. Ves?» Así que ela recoñeceu a súa
pel suave e non quixo vestir galas. Quixo desencontrarse
máis e máis, non quixo máis estruturas para o espírito,

non quixo máis puntos mortos nos que morrer. Só un blues cunha cola suave que, coma a estela do avión, se arrastra lánguida, certa da súa finitude.

Ela non soubo que foi antes: a disrupción do ser ou o medo, un oito elíptico do que a forza da inercia non a deixaba escapar. Agora ela sabe que a forza gravitacional non adoita ceder, e que todos os corpos se manteñen nun estado inercial de movemento ou de repouso até que unha forza maior os obriga a mudar a dirección. Ela agora sabe que ten que buscar dentro un motor con moitos cabalos, tan pronto tome a biodramina.

Deixa que a luz atravesese as cortinas, que faga ósmose na pel.

Now Ophelia wants to know

Co ímpeto de permitir ao seu ser estirar as contracturas, ela ía salvarse de si mesma, nacida na cultura dos valados. Só tiña que inspirarse nela mesma. A sensación da decisión é todo o que ela buscaba. Non saltar un muro coas pedras das palabras ao lombo. Para subir hai que calar: acción discreta. Ser imperceptíbel para vagabundear as moléculas: a boca calada de deus é tétrica. Sen entrega real, morres de medo.

Sofre por cada gota do universo, por cada grao da area do deserto que manca a pel (por non estaren feitos de moléculas de aire).

A mesma vida é o salto sen arnés. Ou bailar a vibración do sitar.

Mais ela era hermeneuta de si mesma: comprendéndose existía. Comprenderse é vitalmente. O seu dedo traza círculos abertos no seu ventre, escribindo discursos no embigo: un buraco negro para a fusión de horizontes, por favor. Porque, bo ou malo, o buraco negro non elimina a información das partículas: non a navegan elas, elas son navegadas por un eu desfeito. Como se chaman os coágulos dispersos do corazón que rebentou por latexar de máis?

Where she should turn

Resistir no corpo asediado? Como? Técnicas do silencio, mentres coida da besta

para que non a devore
e lle transmita a súa forza.

«Toma a túa chave, eu non teño nada máis que abrir». O cerebro facendo crash crash crash, cun movemento de porca. E cara a atrás, recibindo as liñas da ofensiva. E nese momento non hai compaixón que valla: extrae a daga do cabelo e comeza, con máxima concentración e percepción, a trincar os golpes até que, finalmente, cando considera oportuno pór fin á exhibición marcial, derriba o outro e, con moita elegancia, crávalle a lingua ao chan. «Acaso non sabes que non debes pulsar o meu dispositivo de supervivencia? Porque teño unha lóxica que sustenta a pulsión e non es quen de desmontala.»

Agardaban, atentos ou despistados, a que ese moribundo tivese o seu estertor. O último hálito vital que entrará

polo seu nariz e xa nunca máis sairá. Rachar a chaqueta metálica era deixala oxidarse.

Tell me... what did you do?

EL: Por que voltas aos terreos sen chan?

ELA: Volvín para recuperar o peito.

EL: Somos sen moldes. Pero, como che falo sen eles?

ELA: A palabra que busco vai de dentro cara a fóra: non coloques cartaces e corras: iso equivale a nada.

EL: E ti aprendiches?

ELA: Aprendín a extrusión das bólas de billar: colgas os pómulos dos ollos e abres os dentes. E, advírtoche, son maior ca ti e estou embriagada (de vida). Dáme a forma da túa mandíbula, só un fío oblicuo de enerxía.

EL: Xemo.

ELA: Dime algo certo. E queima a gorxa. Só queremos divertirnos. Víbrame.

EL: Crucei a xeadá e mirei cara atrás.

ELA: Ti nunca sobrevoaches.

EL: Como sucede?

ELA: O dado, dáse.

EL: Como sucedes?

ELA: Non sei seguir despois da auga. Hai apenas un val. Despois, monte abrupto sen camiño. Non sei facer camiño.

EL: E por onde deambulas, logo?

ELA: Voume espir.

EL: Que é o que resistes?

ELA: Que traballo camiñar sobre cristal! Esvarar a lagoa

sen beira (ou na beira estamos porque non confiamos na proporción de sal do mar morto). Son un bloque de aceiro retendo lava ardendo. Como facer figuras sen queimar as mans?

EL: Para que rozar instrumentos de aire?

ELA: Dáme esa nota outra vez. Pulsa na dor do útero, que o sangue libere a angustia do contido.

EL: Non. Quero melodías simples.

ELA: Simple é recoller a bágoa de quen chora. Ningún froito cae á metade: busca o latexo primeiro.

EL: Non teño mans para recoller.

ELA: A goma ten un perigo: hai un punto xusto para deixar de tensar. Xa recollín o meu bolso (cun movemento globalmente feliz, particularmente doloroso).

EL: E para cando o silencio?

ELA: Non calo nunca. Danzaría, agora, facendo dos sons palabras do corpo. Tapo o bolígrafo en ritual sagrado. E por que non calas ti e me ispes outra vez?

EL: Non podo aparecer. Escorreguei polo espello, a través.

ELA: Invertida e con distinto grosor, no espello agardo sen tempo, en palabras non escritas: nas fisuras estou ben. Outro chisco? De ollos, por favor.

Dígovos máis: nun plano de tempo a conversa nunca mudou. Pero co tempo ela aprendeu que o querer por rozamento só chega á epiderme. E dentro? Dentro, baleiro enchido cos berros e cos ecos: a conexión perdida da radio analóxica.

What did you do the last time?

Sen présa: a alma convalecendo até que decida erguerse polo vaso de auga.

(Míraa, foi á guerra! Tan chea de sangue entre as pernas...)

As palabras proferidas non teñen regreso. Pero e as que non se din? As que se regalan envoltas en silencio traidor á alma do outro? Volven en forma de miseria, silenciosa, tamén. Hai cousas peores cá morte: encadear feridas.

Ela sábese de liñaxe hermética e así, envasada ao baleiro, non precisa de osíxeno para a vida do carbono. Ela quere deterse para que todo lle veña. Porque buscar, pérdenos. Ela gusta da nata na boca. Come a tona para sentir, despois, os tons líquidos. Entón, ela vai ir rompendo os charcos coas catiuscas novas, sen medo a rachar o estancado. E a auga agradece a nota de cor. Ela ten esa teima tatuada: precisa de rituais para divinizar inmanencias.

Ela, por fascinación, comezou a operar a vida. Pero no quirófano, perdendo a perspectiva e gañando bacterias, aquela fascinación foi esmorecendo. A culpa toda foi dela, por querer despegarse da terra e querer chegar ao ceo, cando a altura máxima para un ser humano é esa cadeira. Ela bebía sen fala, sen galas. Con gana dos silencios das criptas: aí, bisbar é un berro insoportábel.

Why don't you do that?

Ela aínda tiña o cranio bordado cos mundos dixeridos en punto de cruz: «dáme os teus dedos e cala, porque a auga que che pido non cabe no vaso que compartes. Eu teño o ángulo propio no que me refuxio, coa pupila velada para ulirte improvisando. Non soporto verche os ollos mentres, con escasa paixón, creas o bico do peito adolescente. Non me fragmentes! Sacúdeme a respiración, móvete a tres centímetros de min, ourízame os beizos. E os teus, e os teus que non me digan: sei de máis. Nacín desvirgada para os manuais de instrucións. Férente os meus ollos e queres a miña boca recolléndote! Eu chovo toda e fico sen vida. Voume toda co sangue entre as pernas. E sabes que pasa cando me baleiro? Minto. Desprázome e contemplo o abismo entre o eu e o eu, e ese abismo é o dunha ferida profunda». E marcha abrindo sucos na terra.

Ela é os sucos que abre: ela é unha fenda no continuo: ese é o grosor da súa existencia. A quen se lle amputa o espazo revelado? Responder a isto é tomar un caramelo cando tes fame grande. Entón, tatexando códigos remotos, pónenselle os ollos de misterio e pinta os sucos escuros de Istar co seu fume. «*Here's my number*. Xa non lle deas uso». E non hai máis que un interruptor acendendo a mecha.

Do you really wanna hold my dirty hand?, foi o primeiro que lle cantara. Pero non sempre se sabe ler o sentido aberto pola lingua común.

Náufragos
rescatados por leis do azar
do inconmensurábel.

Go ahead and take this wrong way

Ela está buscando signos. Os ocos están cheos. Ela peregrinará montañas, só porque o frío dos cumios é a condensación que permite ou obriga a escribir nos cristais. Entrará coa cara serea de quen treme moi por dentro, cos ollos mirando ao chan, e levantará a mirada só un instante antes de sentar para recibir unha única impresión, que será corporal: non quere mirar a quen a mira. Irá, incómoda pero plácida, cargada de símbolos que só ela recoñecerá.

O seu segredo é un as na manga, unha carta que está fóra de xogo, pero está. Non pode tocalo, non pode berralo. Nin sequera sabe se pode soportalo. Pero chegado o caso, todo se vive. Até que se morre.

Ela xa non sabe que ten que esquecer, porque buscar o signo do acontecemento é deixar atrás o estado de cousas caduco e penetrar a vida, coa boca aberta. Esa viaxe sería un amorodo que esvarar coa lingua. Ela vai concentrarse nas esquinas do corredor e vai saber ben, moi ben, o seu nome para ignoralo cando sexa berrado.

Quere soñar o baleiro e as súas superficies, que mudan ao seu debido tempo.

Estando clara a existencia da intensión e da extensión,

Da textura do mármore? En todos os ocos zurcidos, tapiadas as bocas de fuxida. Como se reconcilia consigo mesma se a a neurose é un exceso de actividade do eu e non consente arredor ningún síntoma dun ego que morre?

Do you cry? Do you pray?

«Sube as túas dedas nas miñas, que te levo lonxe»
e ninguén a toca.

Ela enfádase cando o sol non sae recoller a pel que ela ofrece. E as nubes cargadas de loito veñen á súa aldea e tocan as campás de morto. «Esas nubes non son miñas!», berra sempre, pero non hai ninguén para escoitala. E desprega cortinas de aceiro afiado que caen coma os da escena cando a función remata. Cando se chega a un punto de non retorno. E baila un camiño que leva ao Oz indiferente: non a busques, non a encontras.

Ela fica soa, co frío musical no espírito, e nace unha cidade ateigada, estreando pel: «camíñame as costas. Sei a laranxa!». Ela non quere a extensión e buscar a dirección coa búsola: quere un punto con todos os sentidos. Quere deixar caer a forma coma a luva no chan. Quere só o real grande, explosivo, coma a superficie solar, cos tómulos revoltos en lume.

Ela recolle o pelo e descobre a face, mostrando as irregularidades da cara. Así infantiliza o rostro e vela a idade da alma.

Do you wish them away?

Acurruncháronse no colo á forza, primeiro el, despois ela, despois el, despois ela. E de aí só sae o pezuño amidonado, arma precisa e veloz. De aí só sae un real que se pega ás mans e do que é difícil limparse. E só podía facer sinais de fume ao lonxe. Sinais de fume a un que, por veces, durmía con ela demasiado tempo. «Co nariz roto e o rostro sangrando, alá, ves?, comendo a parede. Así está a miña alma ao teu lado.» Despediuse coma esparadrapo arrincándolle a pel.

Ela non quere sentir a vida escorregándolle entre os dedos. Quere bebelas. Agora ten a man grande para facer cunca. Ela debuxando cartografías e preferindo afogar nas mareas do océano que ir morrendo asfixiada nesa cuncha retida pola rocha. Xa conseguira a licenza para matar.

Are you still leaving nothing?

Conquista terreo non explotado aínda. Mete, así, na palma da man pechada, entre os dedos, anacos do inefábel. E non sente ansiedade polo déficit, só o efecto intenso do atributo.

Ela opera representacións trxicas para ir podendo, aos poucos, desatranca a vida: e ningunha atadura queda aí. Inocente do seu erro: porque os camiños curtos non levan a deus.

Asumir que xa non podía perder nin gañar máis procuroulle unha felicidade grande. Sen milagres, sen

receitas: até aquí chegamos. Porque hai ocasións nas que a postura do corpo muda radicalmente e todo o que se tiña dixerido un día se converte en enerxía e dánzase, sen máis. Non volve para recoller cinzas aos espazos que arderon de paixóns.

Ela xa non existe. Xa non existe máis. Porque para chegar ao ollo hai que esquecer as bágoas, e xa non había bágoa que dar, porque a radicalidade do tempo deixouna enxoita e só lista para rir. Porque o ser é un pulso.

But bones in the way

Ela de cando en vez rompía a placenta e berraba: canto aire! E volvía meter o fuciño entre as mantas, esperando despreparar os pulmóns, agardando o día no que puidese respirar fondo.

Non vive o correr da auga, fai o movemento en imaxes estáticas e salta de síntese en síntese, de tesela en tesela, e a vida resultaba un mosaico, bonito ou non, pero morto. Que pasa? Que as bocaladas de analxésico que sempre agarraron a súa angustia agora non tiñan angustia que botar, e só había un baleiro plácido: marcar un número que xa non existe. *Bang bang, my baby shot me down. I hit the ground.*

Retira o seu corpo vello a un catre para poder saír voando.

Did you bury the carnival?

A vida é sangue.

Repican as campás. Chamando por ela? Ela xa está alí, na súa nube. Cos pés empapados polos charcos e cheirando a vello. Non tivo verdades bonitas. As verdades non son bonitas porque traen o sabor do caos e moita fatiga cognitiva: tantas correntes no mar! Pero fixo a morta e flotou e o caos non a feriu e as verdades foron útiles.

*Deixa fuxir as túas palabras
libéraas de ti.*

Ela aprende a esquecer. Podes ler nos corpos e aprender a esquecer ou podes chorar. Pero isto non evita a magnitude do abismo. Pois está claro, *this is not a love song*. «Pareite xa no primeiro movemento só para dicirche as pantasma invócoas eu!»

Lions and all

«Crucei un aro de lume, si. Pero vin o amencer.» Ela rebenta o vulto de pus que nacera entre as pernas: no momento en que tivo o arrouto de mirar, todo foi doado: fixo un ritual cunhas follas de loureiro e a fortuna ficou botada.

Rotulou, entón, os extremos do abismo e a parede do útero

go
te
ou
go

te
ou

Enxoito o útero, xa non hai dor.

Ela atravesa un cristal e non a retén o seu reflexo. A partir de agora ela só quererá mampostería, non pedras de serie, para facer a lareira. Quererá non caer da cadeira: o cóccix roto doe moito. Mellor sempre nas haimas.

A súa nai é rusa. É unha virxe ortodoxa, amparada coa escuridade púrpura, o seu colo é a matriz da deusa. Ela é dunha profundidade mariña. Pero cos ollos en chamas. Esta gravidade profunda, telúrica, trágaa.

Móvese con misterio porque se move co misterio.

Excuse me while I sharpen my nails

Dos mortos extrae ela agora a súa herdanza de dignidade: un saber estar, a fortaleza xa non amarga para asumir o movemento. A visión borrosa e a posibilidade de caer durou só uns segundos. Porque a paixón é un mecanismo básico da especie, a paixón coma aquilo que nos leva a onde imos.

Unha montaña en erupción. Pálpitos ao altar en ritual —co silencio das treguas recién estreadas— para incinerar lava.

O branco puro
pálpito
da luz
quero.

El correra moito detrás dela. Pero primeiro deixábaa escapar. Ela, a chiscadelas co abismo, desprazándose en rexións escuras, abandonando a terra. Porque a auga xa ten a proporción xusta de osíxeno. No girls, do not cry. Baila o bellydance dos ventres das tribos tatuadas, das cadeiras marcando a percusión do ser (producíndose), das mans debuxando as formas esculpidas pola luz. Fóra do templo. Baila a vibración dun precursor escuro.

And just who are you this time?

Camiñando zombi no recordo dos pasos, sabe que tiña que facer algo e non sabe que. Sabe que é dicir si. Si, pero, a que? Só cun suceso de perda radical o real deixa de ser indiferente: o real é o obxecto do si. E, cun shock deambulado con opio, o corpo integra: «separarme do que podo?!». Sabe a frecuencia do que ten que facer, que facer co tempo, e mil habilidades prácticas!: a vontade de poder é un pathos.

«Por moito que estire a lingua rompendo a gramática á beira do ser, por moito que balbuza abrindo as sílabas, con isto quero dicir todo o que non digo.» Ela di: «sé todo o feliz que poidas». Así que, a pesar das inercias, e coa dor xusta para con elas, marcha, porque xa non necesita paliativo para o seu desencanto vital. Porque agora vai encantarse coa vida.

Cada unha ten que afinar o seu timbre
a súa nota.

You look rather tired

Eu non podo prometer e prometo. Eu podía prometer e prometín: vou marchar.

Ela sempre adestra. Adestra e desgasta, perfora a rocha até que pode quebrala cun golpe final. Así que fica na árbore agardando a que outra mazá caia.

Nunca soubo. Nunca soubo que facer. Nunca soubo que facer coa vida. Pero facemos as cousas porque non somos capaces de facer outras. Cada un vive como pode. Ves que o chan é máis duro có frío? Ves que o avión para aterrar nesa pista angosta precisa minguar altura facendo círculos? Hai malformacións no espello.

Ela fora hiperbólica. Ela fora excesiva. Pero a todo o mundo lle dá medo a vida. «Que viron os teus ollos? Eu vin o horror e agora celebro». Non se pode arriscar coa potencia minguada. É un erro. Así que resultará práctico agardar, yedai, o instante. Ela fere, pero non coa intención de ferir: coa necesidade de sobrevivir.

Estamos incómodos nos ocos.

Agora ela camiña todas as fugas. Ela sabe a imaxe na que descansará. E consegue a quietude. E observaba a súa máscara esborrexendo pola festa, réxime de vaidades. E un oco do seu eu observa, placidamente, sentado no baleiro.

Licúome e dou zume.

(who drinks from your shoe?)

Ela fuma vinte caladas máis para borrar os restos de consciencia antes de durmir. Ela estivera derrotada máis que enfeitizada. Co seu sangue el debuxara a ferida. De camiñar descalza aos seus pés saíronlle calos. Ela chora todas as bágoas para saber o que había despois da derradeira.

Outra batalla perdida. Imposíbel gañar a guerra: tristeza adobiada con odio.

She spent all time será o seu epitafio. Ela habitara corpos, desaloxara a casa. E sen maletas que facer, sen fardos que cargar, atravesa a porta. Ela camiña a vida recién estreada cos ollos curiosos e os pés aínda informes. Pois hai mortes que non son presentadas por cabalos brancos ou paxaros na ventá: chegan paseniño, nun momento calquera.

Tanto peso, peso de palla. Ouvea ao mar. Esa é a súa escuridade.

Are you pretending to love?

Canto sangue necesitou a máquina...! Pero con forza o seu ego está pronto de novo para establecer que pode xogar con lume e saír indemne. Desexando o camiño sen querer cansar as pernas camiñando.

«Dádeme pistas, porque estou indo moi lonxe.» Unha subxectividade máis alá do medo. Pero prefire descansar os ollos, para que, de mirar cara á luz, non lle quede a mirada estrábica. E engurras. Porque o inefábel é para

vivilo de esguello. O inefábel é moi grande para que caiba na boca. Entón, traballa nos afectos cunha guía antiga, pódolles nomes e frases e conducíndoos por carreiros, pretendendo obter o máximo co menor risco. Menor risco para os cóbados, porque caer é custoso, máis que doloroso. Mais o acontecemento veu doutro lado: os cóbados ficaron intactos: foi o beizo o que rompeu nun fascículo da paixón (s.f.: Tratarse coma estraños aínda sabendo ben o sabor das súas peles).

Camiñamos nas cloacas.

A ferida a piques de cicatrizar regresa coa dor intensa de cando a carne quebrou. Pero estas cousas son así: para que se dese a explosión inicial tivo que haber millóns de toneladas de densidade por centímetro cúbico. Hai veces en que a dor agroma. *Agromar* é o verbo. Emanar polos poros sen motivo aparente, sen mandatos no cerebro e sen respostas nos órganos, e todo o pus acedo flotando coma aire para respirar.

Amando os infernos recibe chaves para o Nirvana? Ou cae e racha e devén besta?

Restei e fiquei toda en negativo.

Well I hear that it pays well

Así que ela comeza a abrir portas, a ver o que hai detrás. Porque agora xa aprendeu a balbucir e resulta que nos desertos hai tribos. E nesas tribos ela é tan ben acollida...! Pasara moito medo, antes de ter tal forza. A forza que dá

o mesmo abismo evidenciándose: «son esa cousa que terá liñas de expresión».

Sabe das fuxidas espídicas, atravesando paredes sen notar o sangue nos fuciños, pois é iso o que fai mentres le os atlas. Despois un dedo sinala o espazo, dicindo: «tempus fugit e eu, e cada un de nós, nesa corrente, estamos abismalmente sós».

How do your pistol and your Bible and your sleeping pills go?

Vou pintar todas as entreliñas, así, sen medida. Vou pintar a nada

polo medio.

«Como me fago propiedade de min mesma? Coa disposición do tempo.» Volve acender a mecha. E os bronquios carrexando fume e recordos que, por ominosos que resulten para a memoria, foron necesarios no seu momento. Até que un par de bágoas rodan no rostro do cadáver. Entón constrúe un muro de cristal e contempla. Está moi ben adestrada para asumir a necesidade dos acontecementos: é un golpe que esnaquiza a face. «Mira, hai que coñecer con rigor e temperanza o inimigo, coma o samurai. E absorber o golpe.» Ela pensa iso para entender o equilibrio da profundidade do abismo. E considera que saber facelo visíbel ao espírito é a graza, o sublime, o don. Coma na mesma arte: permitir que ao obxecto lle recaia un pensamento novo, coma o rumor das moscas, en permanente e estábel constancia.

***Are you still jumping out of windows
in expensive clothes?***

A súa pel recibe as pinturas de guerra e sae. Soan os tambores da súa arritmia. O ceo escurece e os seus ollos brillan nun negro iridescente, capaces de matar só con querelo. Ese día quebra o cemento, pois xa tiña unhas estrías graves. E co óvulo estalando nas pupilas lembra: precísase un domingo na vida. Un día no que celebrar a finitude das formas e enxalzar a divindade do caos. Un día no que cantar bailando: avanzamos cara a un punto descoñecido, desde logo. Nunca estamos á altura das cousas.

Porque as palabras que pedira para tap(i)ar o abismo foron esquecidas na súa mesma reverberación: «díxenche a forma de non mo faceres, por ser a máis cruenta e a menos nobre. Precisamente foi a que escolliches, Bill». Rompera o mango da tixola de tanto darlle lume. Pero agora merca outra, e vai superar todas as probas para pasar á seguinte pantalla. Porque deus existe na medida en que se crea. Ou: porque, coidado, a dor é adictiva e non se pode ser froito das paixóns.

Well I fell in love

A noite que decide iso sae a render culto aos mortos. Ela mesma, morta. Esa noite sae a encher o corpo de algodón de azucre, de graos de inconsciencia. Sabendo que as cicatrices son aparencias, ficcións: ao rozalas suavemente, a carne viva sangra outra vez. Porque el lle roubara o

silencio. Pero agora regresaría! Axiña! Correndo! En calquera momento! Botando os folgos coma escuma endemoñada pola boca, xirando a cabeza en absolutos caendo, golpeando o chan: tal cousa fai varios rúidos antes do definitivo, no que descansa magoada.

«Sento cada noite fronte ao abismo, mirándoo aos ollos. *Catch the sound of silence. Scream the sound of silence. Touch the sound of silence.* Non é o que nos contaron. A nada non se conta.» E tragou a última palabra, coa sensación de terse instalado no sen nome.

With your sailor's mouth and your wounded eyes

Lonxe, é quen agora de imaxinar a natureza do que lle foi dado, infábel corpo ao que cuspiu, por non podelo esmagar entre os seus dedos.

Non me escoitaches, co teu ruído, espeta o silencio. Así que ela agocha os órganos que deixara á vista, envólveos ben, facendo torniquetes. E sobrevive noutro corpo. Porque ninguén se libra do chan hirsuto alá onde o vento é moito para que a vexetación naza. Racha as follas. Cando isto sucede, o baleiro transloce: a vida mesma.

Abre un libro, o que sexa, para que unha voz a acompañe. Cal? Entón colle o papel en branco e babexa tinta. Balbucindo coma un zombi por exceso de frankimazín? Non... lambendo, facendo pasta de papel. Non quere branquealo. Isto é un branco roto.

You better get down on the floor

E logo, como son as caras do horror vacui? Son vidro lascado. «Pasou a mañá por nós. E eu non sei aínda o que é nós.» E un cadáver separouno del. *Bésememe con besos de su boca* foi o que nunca atopou. *E no seu leito*

nas noites

buscou aquel que a súa alma amaba. Pero a alma estaba errada e perdeuse no espazo.

Póstuma.

Matáronlle o nervio, si, pero... que? Que? Se lle queda a enxiva en carne viva. O óso ao descuberto. A raíz oca. E o que quere era falar a ferida: quere todas as bágoas que non foron aínda choradas e, despois, ser de forma que doa menos.

(—Rapaza, escoita, os teus ósos son de ouro!)

Don't you know this war?

E coa morte soa o son do silencio, que é un vento con area e sangue. «E só escoito iso cando te chamo, cando berro onde estás.» O asubío ultrasónico da morte, e os seus ollos sen son, e o son da morte: «Ódiote, morte, porque me borras a pintura das paredes. E ódiote, vida, porque es disolvente.» *E así como a auga non presenta unha forma permanente, non existen na guerra condicións permanentes.*

Non te encontro é unha vena aberta, o corazón botándose por fóra. Mais a crueldade tola non é a

ausencia na que unha se asfixia: é que eternidade é unha palabra ben longa. «Invócote e apareces: teño o efecto do teu movemento pero, soberbia, querería o tacto do teu peito.» Derramou unha bágoa por... unha alma que non sei? Un recordo conxelado? Un muro, un silencio, un abismo.

Eses ollos fondos gardan moita dor. Pero pracer e dor, lera, son só reaccións, constatacións de adaptación ou inadaptación. *You've got me working and working day and night.* «Quero unha pista túa, e seguila.»

Tell me who are you this time?

I'm tired of thinking what my life is supposed to be.

E entón empeza a supor ela soa.

E a mirar os paxaros

voar.

Entón tira as categorías e detrás aparece a vida, relucindo. Como tecer a ritmo de escrava xerseis para non morrer conxelada ou afogada a tres centímetros da superficie? *O cara a cara cun grande pensamento é intolerábel. Busco e chamo a seres aos que poida comunicar este pensamento sen que morran.* Ese grande pensamento é ela bailando, pois as palabras traspasaron o limiar e perdéronse, coma bágoas na chuvia, caos caendo. Así que recupera esa fonte e bebe, bebe. Quenta, colle enxirada e danza. «Acabou a seca. Agora vou choerverme: *don't forget my sound, don't forget my soul.*»

E Delfos mudo. Non hai nada máis que dicir, nada máis que escoitar.

Tell me who are you this time?

Porque a ferida non cura, hai que liscar. Déixaa ir coma un barco partindo. Nin unha bágoa para o adeus. E agora gardará o seu pano no peto, para limpar os seus mocos cando a vida a agripe. Pois o zapato de cristal rompéralle antes de saír da casa, e nunca chegou á festa no palacio, ficou na bacanal dos baños vomitados.

ELA: *I know your game, I'm gonna play.*

EL: *You have to try.*

ELA: *Yes, I have to try. You have to fight.*

EL: *Yes, I have to fight.*

ELA: *You have to make it.*

Hai que saber desaparecer. Porque dar patadas ao aire non é bo, escórdanse os xeonllos. E o límite do universo observábel é un veo de radiación. Pero hai que ter fe para saber que despois só hai a explosión creadora. A gota que colma o vaso non é máis grande que as demais.

«Todo o abismo que eu nadei sepárame de ti (*until you know the meaning of the blues*).»



E meterei a miña Lei no seu peito

REBECA BACEIREDO

Rebeca Baceiredo,
Estaleiro Editora, 2014

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Samuel Solleiro

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Imprime:
Sacauntos

Depósito Legal:
ISBN:



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome da autora e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

CARA B

Que lles queda ás almas cando se desprenderon de toda particularidade? Que impide que se fundan nun todo? Quédalles, xustamente, a súa 'orixinalidade', é dicir, o rumor que cada unha emite, un ritornelo cantado nos límites da linguaxe que só se entoa cando a alma se pon en camiño (ou se fai ao mar) co seu corpo, cando vive a súa vida sen buscar salvación ningunha, cando emprende a súa viaxe encarnándose sen ningunha meta en particular, e cando se atopa con outro viaxeiro que recoñece de oído.

GILLES DELEUZE

Arredor da femia solar aínda segue a xirar o escuro universo.

JOSÉ ÁNGEL VALENTE

—*Ás 5. Camarote DSI. Vouche contar outro conto.*

MIMI (LÚAS DE FEL)

«As I Sat Sadly by Her Side»

NICK CAVE

***As I sat sadly by her side, at the window,
through the glass***

(E nese aire, podes recollerme ou non.)

Falo con esta escenografía por detrás, con esta estada. Desde este marco que ampara. Desde esta fiestra. E boto as trenzas para que, de querer, subas. Porque a folla do loureiro aínda non secou. Mastíga. E que os sons guturais xermolen, articulándose no aire ese refacho de lume.

E fíxose o verbo. E o ser expresouse. *They can still see 'em singing on the corner singing songs that never fade away.*

Quero a normalidade, un fluxo orgánico e eu permitindo. Quero encontrarme outra vez nun voo. Quero a vacante do microinstante no que un punto irrecoñecíbel do movemento (aínda non) é outro instante (do que nunca dispoño).

Quero coller a mañá ofrecida nas mans do tempo. Retirarme até da linguaxe, quero desatarme mentres a chuvia golpea os cristais e os cristais, fartos, deciden escachar.

Xa non son de cristal, o que brilla translúcido agora é diamante.

She stroked a kitten in her lap

Quero, con neurose, atrapar entre as letras cada
pensamento,
a boca chea de nata
bordando a boca.

Intentar cortar o fluxo marcando un fito que delimite
un 'é, isto, aquilo (outro), un estado, outro estado, un
instante, outro instante, non me interesa. Que traballo
tan perpetuo!, mais gozo de rillar un oco negro directo ao
caos. (Dáme gloria!) Nel manteño, non unha orde, mais
unha composición, ao conseguir silencio. É así como a
máquina funciona ben, como o ser se fai. Obrígame a crear
o verbo. A xogar a ser deus, porque por xogar, ése deus.
E que as follas, pola súa propia levidade, caian ao chan e se
descompoñan nel. As follas caen e a terra nútrese.

Así.

A metafísica non rifa co corpo: non vemos que a vida
erótica, ao igual que a vida relixiosa, é de natureza
espiritual.

Sobre a sombra da árbore, vou tombarme. Vou chegar
ao mesmo? Vou dicir o mesmo? O mesmo é a explosión.
Pero cada explosión é.

Probarei outras vías: a (miña) única visión é percorrelas.

—Ábreme o iris: quero ver o orgón. Córtame o peito:
quero sentilo. Arríncame a lingua: quero comelo.
Mátame o corpo: quero vivilo!

—Ignorante: borra as palabras, para saber dicilo.

Insolente: mata o espírito, para selo.

And we watched the world as it fell past

Navégome. Eu tamén navegar. En infinitivo, fóra do tempo. Navegar o mar é saír da historia. Non máis capas de pintura por rañar. Non quero nin a molécula do ladrillo. Quero o espazo subatómico, baleiro e móbil. E que a túa pel encrespe a miña epiderme. Para que non sexa unha pegada, para que permita o movemento.

Quero regresar a esa selva e comer o t(r)ópico. Mais quero un sabor diferente de cada vez, ensinando o desprazamento. Todo o que vin faime diferente a min mesma. Déixame atoparme!, tan eu...

Báñome nesta onda
empapada
de potencia.

Vou saír ás rúas a estar na vida.

Renacerei. E recoñecereime outra, outra vez.

Softly she spoke these words to me

Teño un reloxo novo para medir o tempo. A disolución do eu é a condición posta. Tal condición fai ruxir violentamente o monstro, que se defende, agredido e frustrado, para non morrer. O ego non quere vencer sobre a maioría, quere reinar sobre a totalidade.

Mais para algunhas existencias non é posíbel fuxir sempre. Ser Bonnie and Clyde e Bonnie and Clyde e Bonnie and Clyde... déixanos nun esgotador fronte a fronte co abismo e frecuentemente cunha caída profuuuuuuuuunda sen chan

(*but I'll fix it up!*). Algunhas existencias só poden ser auténticas.

Vivo o baleiro en si. Non hai conflagracións.

Un armisticio.

Quero a semiótica do silencio (tan perdidos, nas forestas). Quero atravesar a membrana (ósmose e transfiguración). A transmutación da materia quero.

Abrazar o peito coas mans propias, acougando o laiar lacerando os tímpanos de deus. *I won't put myself through that again*. Xuro, sobre o meu corazón, que non volverei pasar fame.

Faremos alquimia de nós?

***And with brand new eyes, open wide ,
we pressed our faces to the glass***

Cóntame algo, así como ti o fas Porque a variación ínfima, o diagrama case plano do acontecemento obrígame a extraer da luz queimada, do sen-forma, tan arduo para min, eu, tan humana! Logo, desenfoco a vista

para restar brillo á pantalla e poder así traballar. Que doce destino este, que só me esixe vivir.

Quero as manchas de Dioniso, emporcar o aire soprando, facendo lume. Porque o que me queima a min é o pozo seco. O pan limpo. A non-estrea. Gostei das estrelas baixo os focos, dos vestidos de domingo e dos zapatos novos. E agora non sei vivir sen festa. Mato a autonomía, mato a sabedoría.

Mato a posibilidade de s e r .

Pero prefiro ser zombi a beber desa fonte. E sabes por que? Porque non sei o mapa e o surtidor está noutro país. Ora ben, prefiro esta miseria que engulo á imposibilidade dunha promesa.

A herba come os camiños e teño que ir con roupa axeitada, pois non son faquir.

Vou empezar polo corazón do bocadillo. Hoxe non quero os bordes. Instrucións: borrar estímulos e palpar a polpa. Cos dentes, tamén.

As I sat sadly by her side, she said

Non teño barco, así que morro de fame no porto no parto.

Non atopo canles de expresión. Ningún instrumento semiótico me é útil. É coma quen gasta o xeonllo ao camiñar, por problemas no lombo.

Vou ter que sobrevivir moito? Vai durar moito a carne pegándose aos ósos e os dentes caendo? Porque só nado

en piscinas: o mar é caos abominábel e xa o atravesei e xa me enguliu Moby Dick: é unha superficie cristalina e un fondo escuro coma os estómagos. Un espello sobre o que nadar sen gafas! e unhas entrañas nas que espremerse: son o teu zume de laranxa.

Móstroche os meus ollos inflamados fitando expeditando un paso ao universo. Faíscas pola conexión? Non, son os meus beizos ardendo.

Queres vir tocarme a pel?

«Father, mother, sister, brother, uncle, aunt, nephew, niece, soldier, sailor, physician, labourer, actor, scientist, mechanic, priest, earth and moon and sun and stars, planets and comets with tails blazing, all are there forever falling

Vou parar. Vou parar porque me dá medo seguir. (Teño medo do teu medo!). O medo fainos escravos, pero agora non me importa: bloqueame os receptores de nicotina, si.

Vas chamarme, vas buscarme? Oh, tempo enchido de espazo! De encontros de superficie curtocircuitando o sistema.

Non teño habilidade para saber vivir o *spleen*, porque quero a vida chea de baleiro, sen sentir a miña alma. Entón, escrava por unha vida baleira e escrava por medo ao grande baleiro.

Volvo empezar: a miña vida é a experiencia do meu tempo.

Quero escribir nun estado extremo, íntimo, de tensión coa vida.

Quero escorregarme por ese espazo onde as letras se desfán pingando en ácido. E que risas diferidas se escoiten ao fondo
e eu
impertérrita.

E que toda a vida, a túa vida, sexa recordos borrados e o abismo, esa síntese excelsa do baleiro: a palabra xa lle sobra.

Collo o bolígrafo coma unha daga e fago saltar estelas.
E collo a forma e métoa na boca.

(Se grafo o pathos, pode seguir sendo inmanente?).

Hai que saber parar: hai que saber borrar a palabra.

Falling lovely and amazing»

Arrastrar a tinta pola folla faime sentir o chan determinando a forma do corpo, dimensionando o espírito, descoñecerme na insoportábel levidade do ser. Non sei o que hai detrás. Todo é impensábel antes de posuílo cun paso.

Escribo cun bolígrafo emprestado e unha folla roubada. Con mans estreladas con gretas que deixan oír unha voz que recita un lamento.

Escribo a loita entre a palabra e o silencio. Escribo a fronteira.

Non é que teña pensamentos. É que teño percorridos (internos) aos que lles colgo letras. Hai que calmar a ansiedade para non bloquear os poros con suor. Así pouco a pouco o corpo habita o espazo e o tempo. Cando o universo che chisca un ollo, xa podes sentir que o abismo é deus.

Conducimos detrás do sol.

A fugacidade pusilánime do tempo, que vai tirando todas as estatuas do xardín, dáche as ruínas como instrumento.

Como compensar? Así.

Then she smiled and turned to me

Camiño cara ao perdón. Hoxe alcancei un estado de perdón. A fenda no ser estirouse: unha intensión extrema no cumio da emoción pura, estado ontolóxico onde non hai ar para respirar e a presión xa é outra. A gravidade non actúa. É subir ao piso de arriba. As nubes arando o ceo: agricultura no aire.

(—Lembra: tanto como se sobe, báixase.)

Nas viaxes polo universo as estrelas sempre se ven lonxe. Nunca se choca cunha estrela. Estou correndo cara á nada! E lévame o vento.

Recollo o cabelo en trenzas, para a comuñón, e o pescozo, bisagra metafísica, excítase ao paso da droga. Recollo o cabelo para que o rostro se abra desintegrándose na luz.

Fúndome nun planeta.

Quero fumar. Quero fumar o papel
e a herba.

Densos túneles de tren.

And waited for me to reply

Eu son isto: camiñando, unha capucha posta
no frío.

O tempo é a materia gasosa que ocupa os espazos entre
os fitos. Agarímaos o líquido amniótico que, como tal,
é o que nos nutre. Os acontecementos pequenos coma
salvia é do que se fala.

O doce co salgado é un sabor difícil, unha luz
fina
aquí
no colo.

Vou tachar con sangue as iconas ofrecidas nas gamas dun
catálogo. Vou queimar o tempo para durmir sobre os
campos. Vou ser quen de durmir na intemperie mordaz
dunha meseta! (?)

Vou blasfemar para tombar os altares de deus e poder
dormir con el. Vou pintar a nada e a nada é unha textura
branca
 sangrando.

E xa non fumei máis por riba da cama, non.

***Her hair was falling down her shoulders,
as I sat sadly by her side***

Rompín a pel das pernas en busca do nacemento do pelo.
Vivín intentando saber a vida, con demasiada neurose.

Mais agora a gravidade arrástrame ao chan. Eu son
cinzas. Como todo o rebentado polo aire. As partículas
caendo con lentitude, o seu peso non dá para máis. É a
visión paralizada, e o que hai que facer é, precisamente,
paralizarse. Que o rebentado no aire caia suavemente: eu
son a responsábel da desintegración, que o meu corpo
coñece como único método para alterar a orde
de cousas.

Fago feridas nas enxivas constantemente. Debo
humedecer moito (para poder mastigar), así que fago
hipermovements coa mandíbula.

Vou dar unha dentada na froita e coa polpa sangrando
vou fregar o queixo. E lanzar a semente ao chan.

***As I sat sadly by her side, the kitten she did
gently pass over to me***

Cando a billa se pasa de rosca, segue a gotear sen tregua.
E sen posibilidade dela. Hai que colgarlle un fío para que
as bágoas corran (pol) o tecido. Entón aprendín en curso
doadamente acelerado a descubrir a maxia da levitación
pendurada
facendo un chan novo sen corpo
cos pasos que improviso. Estou moi acostumada ao meu

gato, á maxia dunha liberdade que se fai no gozo de sentir.
Ese estado existe. Eu vivino.

Agora, dime, en que estado me encontras? En que estado
podes atoparme? Estou bebendo do cáliz, con palla. Pero
non, agora vou inclinar a copa e que se derrame por min
o hidromel.

Teño gula de pracer.

and again we pressed our different faces to the glass

Son moitos os instantes que compoñen un segundo.

Quero un tapiz de cartas e saber todo! Do cobertor máis
abstracto e sintético á materialización morta, excrementos
aos que lles chamamos vida. Quero outro excremento!
Pois é o único que pode chover. Porque a miña alma é
grávida de máis para saír das nubes. Aquí só viven os
mortos, abázcaros da inercia.

Eu non quero estas visións coma na viaxe post-mortem.

Consigo a concentración do yedai, retirada da pel e
atopando as fontes: o ser ampliado en toda a intensidade
acada ese nivel máximo de liberdade, que é mar sereno.
Minimízaseme o corpo. Volátil, arranxándome e só ósos
acoplándose en engrenaxes, facendo formas, mudando
as posturas, *funny bones*. Kamasutra cósmico. Como
conseguir, manter isto sen a soidade precisada? Como
vivir nesa distancia entre eu e eu (con)vivindo con
corpos? Negareite tres veces. Negarasme tres veces. Iso si,
antes da media noite.

Un pouco de chocolate e (pan con) manteiga, por favor, e sando, sando a fenda co bótox do espírito e saio do letargo, dun punto que deixa de ser partícula para ser movemento e contén a máxima potencia insondábel do universo, deus. Expándome na extensión un anaco, a ver se sigo a rir.

«That may be very well», I said

Oh, baixa, stop, o avión non está feito para voar a máis altura sen que o osíxeno falte e o delirio nos envolva nas súas danzas.

Non sei amar. Tampouco sei a deus. Quero aprehender algo fóra de min e iso é o erro: porque son eu buscando un espello que traspasar. Teño que calar e non quero.

Reméxome. E en cada novo encontro vou, outra vez, desbocada a engulilo todo: comer así: ñam!, algo, en vez de experimentar o sabor das plaquetas. E mastúrbome en miraxes de Narciso. As mans do amor están empapadas de sangue. *Love me baby, love me right.*

Narciso é un demo obxectivo. A reflexividade constrúe o eu, que leva consigo un necesario apego da mirada sobre os seus órganos. Observando os reflexos. «Ten que haber unha porta de saída!!»: os muros son portas próximas ao pathos. Non atopo outra resposta e titubeo fronte á miña imaxe rota. «Ten queee haber uuunhaaa pooortaaa deee saaaádaaa!»

Escribo así, a gritos, e por medo protagonizo unha fuxida cara aos outros espectrais: tómbate aquí, de noite, vouche pór música para acariciarche a alma.

«But watch the one falling in the street

Emocións forzadas polas palabras alleas dun extremadamente outro.

Ese día eu souben moitas cousas. Pero ese día eu tamén aprendín moitas cousas. Estou aquí. Pero tes que aprender a achegarte. A respecto da historia, nin sequera valorei os feitos, que toleraría, senón a súa concatenación, as intencións escuras, pegañentas, que os foron ligando.

Teño unha cousa localizada que é dor. Dor física. A dor da alma é vaporosa, e cristaliza só ás veces, estalactitas de lava quente. Sobrevoamos a ferida existencial, vital, e só ás veces nos permitimos pousarnos nela.

Vai desaparecendo xente. Un longo adeus.

Un can ladra
as campás soan
a xente procesa
en masa.

See him gesture to his neighbours

«Neses momentos, iso que vives non o vives ti soa», dixeron. Oh, e quen me acompaña entre as tebras pegañentas? Non noto a man que me ampara. Nin sei a man que me leva. Oh, eu, cega e insensíbel pola dor de estar viva. Como lisco de min?

Confeso que algunha vez torturei como un gato tortura un rato: o xogo da dominación do eu, o meu. A vinganza inunda de bile.

—Isto só ten interese clínica.

Vivo nun estado de guerra louca. Mais, dime, que mundo é este no que a angustia vital é patoloxía? E dime, tamén, que mundo é este no que o martirio é a constitución dos seres, e súa relación? *You can break my heart... just please don't break the rest of me...* Tranquila, é só unha paranoia nun sistema de paranoias.

Ningún estímulo, quero,
e comer ese baleiro
en min.

See him trampled beneath their feet

A blasfemia: unha ira insatisfeita. Teño que pasar a esoutro lado que as palabras non coñecen porque caen de volta ao chan coa gravidade. Teño que deixar as palabras liscar e buscar a orixe da linguaxe (crack!, fai). Sorrir sorrisos que non deixan dicir, que non se deixan dicir. Teño que operar (n)o corpo, para non coarme polo retrete.

Só por ese buraco negro decido, por veces, derramar todo o meu ser. Pois naveguei océanos nos que todo o acervo cartográfico é papel queimado. Naveguei os infernos. E os infernos serven para non querer volver a eles.

Naveguei a noite, cando cada ser se recolle en si porque o aí-fóra deixa de existir. Non, existe doutro xeito. Existe para os seres nocturnos... para esa parte da nosa estrutura

psíquica que toma os baños de lúa. Así lle perdín o medo á morte.

Na dor encarnamos a besta. Pero eu aprendín a defender a beleza mesmo nas guerras máis cruentas. E cando a contenda foi atómica tamén, pois durmín, bela, asfixiada pola doce morte. Semella que non me serviu de nada a harmonía das formas, pois ía morrer, e morrín. Pero o meu foi un cadáver sereno.

All outward motion connects to nothing for each is concerned with their immediate need

A miña memoria, con neurose manuscrita en papeis hixiénicos, foi tirada ao colector. Os sentimentos máis profundos, impresos coma listas da compra, guindados ao lixo. Quixeches o significante, mais eu escribo con fume. É o xeito no que gozo. Fágote gozar? Canto agocha esta pregunta. Subordínome a ti? Podo desfacer o eu sen abrir as aduanas? porque, se as abro, ti fas contrabando. Teño que defenderme!

Foron moitos millóns de segundos perdidos, tirando o prebe do pucheiro. Por iso me sobra o rostro amado para dicir adeus. O anunciado supura na pel: non deixa de ser unha realidade xa vivida con anticipación —dó sempre feito—, mais non deixa de ser pus. O sufrimento é unha pedra na bota. Molesta máis do que manca.

Durmimos toda a noite abrazados. O sangue manchou as sabas. Así de tristes son as vidas, mais as bágoas están caras na farmacia (e os risos, imposíbeis no mercado negro).

Un coitelo arrependido.

Traizoamos para redimir as traizóns dos outros. Unha traizón é o verbo violado, a orde do falaz. *We're the missing children.*

Baby, there's nothing left to learn. You have to go. Velaquí que te vas do meu corpo.

Witness the man reaching up from the gutter

Hai frío de Siberia conxelando os ósos; e os sorrisos coagulados na neve.

Fóiseme o ser? Co medo disto que non coñezo ou que coñezo
no medio da tormenta
no mar.

Fixémonos dependentes da química, propia ou externa, para asociar os espazos, para encher o tempo: ou botamos betadine ou é a loucura dos infernos, xogando coas vísceras. *I wanna be sedated.*

Non podo esquecer imaxinalo. A ferida é moi profunda en min. Non: son moi profunda na ferida. Separo a vista e sorrió, cínica. E o aceno é recoñecido e lambemos as chagas e preguntámonos canto vai durar... mentres sinalamos ao lonxe ese horizonte ético cara ao que todos pecamos. Prego: non loites comigo, non traizoes o beneplácito, o radical coidado do outro, o darse nunha ética do aquí. Do contrario —como me dixeron— elimínname da túa lista de contactos.

Apertando de máis quebraches a circunferencia do pendente: ouro en po ocupou o chan.

Os sorrisos non enganán, non, e a miña boca en silencio segrega unha película de plástico fino que me distancia de ti. Chámase profilaxe. Non é por ti, é por min mil veces pasada pola trituradora. Non podo querer porque teño a carne rota, e este vestido sintético é un exoesqueleto.

See the other one stumbling on who can not see»

Os meus ollos acarician a natureza do engano: *only my eyes are solid.*

A túa forma provócame sensacións dispares. Podo gravar a túa cara, meu amor? Para poder recordala cando decida esquecerla. Dixo el: somos máquinas de matar. E agora, entón, voucho explicar, vou mostrar como é iso.

O nervio está morto e xa non queda sangue. O coitelo, unha vez cravado, xa non rompe máis a carne: aprehende o oco. Unha vibración plana, alá lonxe, da frialdade do aceiro, da frialdade da morte. Podes morder louco. Cariño, le os beizos, porque o rostro é xa indistinguíbel: *enter the ninja*. Pois quebrei coa dor, quebrei polo esforzo da loita diaria, que dura cada segundo de cada minuto de cada hora de cada día de cada ano de cada existencia. Quebrei por inanición do espírito. Morrín polos golpes co cu e co fío da daga. *Abismos infranqueábeis para a voz, abismos que afogan até os mesmos gritos.*

Que terror!

Hai moitas formas de facer o amor, e hai feridas encarnadas nos corpos do Samsara.

Tremo de frío, pois é noite.

Nunca a chuvia se necesitou tanto:
porque a terra ten sede!

Defino a túa ausencia coa materia do baleiro. Dáme diso!
Si! Do gusto de mel das divindades que polos séculos viven nun piso de arriba: os criados teñen fame doce, señores! E van entrar!, van atravesar o limiar, van, non saltar: bailar sobre as tumbas.

Visito, de cando en vez, a tumba do pai: en cada morto chóranse todos os mortos.

With trembling hand I turned toward her

Unha soidade tan vasta coma a profundidade dun abismo. É nesas intres cando a vida non me merece a pena, pois non son capaz de observar a transitoriedade das formas. Hoxe volveu morrer o pai e hoxe vólvoa vivir coa membrana cubrindo a pel. Non quero a placenta agora!: quero o feto. Non son un modo que se desenvolve, son o modo con toda a duración sempre ás costas, con todas as teclas pulsadas. Descomposta nas sensacións, *one way ticket to the blues*.

Puír o metal para coller o baleiro coa man: coas mans aparto as ramas e podo camiñar. Cara a onde? As badaladas

traen aos poucos kairós: o dedo pulsado sobre as teclas do ser con distinta presión.

A nova realidade á que accedemos non nos brinda un mapa de estradas, porque o que mudou foi a mente. Imos titubeando, coa boca entreaberta, pero imos da man. *Son dese tipo de personaxes que queren estar namorados, pero non poden porque teñen dons perigosos.* As liñas da man da adiviña marcadas pola terra, tinta dos íferos.

Interpreto, para ofrecer o mellor de min: eu, Alicia, prometo atravesar o espello.

Coa fouciña vou cortar as herbas onde a raposa se agocha.

And pushed the hair out of her eyes

Queres saber o que hai debaixo da saia? Unha ferida.

Do único que sei é da miña alma humana. O corpo e a mente non van á vez. Síntoo: o meu corpo é máis lento.

Quería saber o silencio que se deleita (*in the beginning of the days, before time*). Quería saber unha gota entre os beizos.

Deus esíxeme a contemplación e eu, estúpida, pois é unha excursión ao nirvana, rebélome contra el. Volver a un pasado sería intentar vestirse coa pel caída. Mais son eu a que me agocho polos corredores, para que a luz non me alcance. Son eu a que vou pregando a tea, axustándoa ao meu talle. Non sei recibir a vida que se entrega, eu, dominada por paixóns.

Voulle preguntar a deus. Vou deixar caer o vestido dos ombreiros aos pés, e a boca, a última e única forma do corpo líquido sobre o chan, dirá un oco nese océano inmanente. «Lanzas todo o teu potencial contra un muro». E apunto, tomo notas dos deberes con profunda mirada, a fondura que me dá estar viva.

Hai que aprender a patinar a superficie, pero eu, con rodas, accidéntome.

***The kitten jumped back to her lap,
as I sat sadly by her side***

Quixen saber da árbore de pórlle letras á vida así que subo ás ramas para chuchar os froitos. Entón envórcome toda cara ao maior grao de intensidade. Entrego a miña vida pola vida. Iso é perigosísimo! De feito, non quero dicilo. Non quero xuralo. Pero é unha frase emotiva.

Boh! Palabras para limpar o po. A esas non lles dedico coidado, non as destino ao coidado. Pero as outras, as infindas manifestacións da deusa, do verbo, son a escada que me conduce ao impalpábel (e súase e a suor empápame!). Arrincar a terra e facer as gabias é o meu ritual. A cabicha mal apagada guíame no escuro. Busca o meu corpo e obtén a fonte, recolle a propulsión. Déixame que che dea verdades cando as rozo. Busco a alguén quen de soportar a visión insoportábel da verdade, esa boca de serpes. Deixa que conte, sibila, as miñas profecías. En que zona de min se atopa a resposta?

(—Avó, o ceo non está arriba, está no espazo.)

Así, contigo aprendín que as cousas non son como as pensamos. Así que non quero o que me deches nun instante de benevolencia e culpa, non quero a farsa porque xa extraín dela o máximo que podía: que as cousas non son o que pensamos e o que sinto é máis íntimo ca min: eu non son nin unha cousa nin a outra, nin ningunha.

Non preocuparme pola miña existencia foi o meu maior darme á vida. Porque quero ser das deusas, non das santas: non luxa a súa alma o pecado do ascetismo.

Then she drew the curtains down

Fáltanme palabras para dicir. Por dicir non me queda nada. Todo polos aires. E unha man de frases comigo.

Saco auga do pozo, saco auga do pozo, saco auga do pozo... cunha culler.

Non me toques máis, pois quero cabalgar as imaxes e trotar polo aire. Quero apalpar o mundo, quero rozar o ser así como se xoga coa man na area. Toda gris, intentando facer bailar as cadeiras, bailar algo o corazón, coa música nos oídos.

Pero vivir non pode ser un horizonte, preciso tocalo. Preciso comer a vida para que me teña sentido. Doutro xeito, non a quero. Sen o sentido de vivila non a quero. Estou buscando un sentido transcendente? Fóra dela

mesma? Ou teño visión miope? Non o sei, pero non soporto ver o tempo pasar na pel e nada novo na alma.

Somos o resultado da daga de deus que se crava en deus: a inmanencia prégame sobre/en si mesma. E eu tamén, eu tamén me repregarei en min mesma e formas sofisticadas de papiroflexia se presentarían nas rúas. E as rúas non van tocarme o corazón vendado. Momificado. Sen vida e sen poder morrer.

Busco a mellor forma de estar na vida, de ser-me o tempo que son. Pero hai que permitirse improvisar uliscando o maná entre as tebras. Hai que ter olfacto.

En inverno hai que hibernar. Eu, que vivo posuída por un planeta (que me vai desintegrar).

And said, «When will you ever learn that what happens there beyond the glass is simply none of your concern?»

Desfágome en palabras, bucle sen fin. Condenada a dicir a nada. O cartón deshidratado dunha folla sen vida. Elucubrando a túa vida, perdín a miña. Pero non vou entrar en dialécticas estériles: existen distintas lonxitudes de onda. Cantaruxei a miña forza. Fere a miña palabra espida. Que é unha ruptura? Este muro entre os dous. Isis non vai chorarte. Isis non vai buscar o teu corpo, a túa alma desmembrada. Ishtar non se vai espir para ti. Estás eternamente morto.

Sinto a caricia do baleiro e quero rezar. Rezar para que o abismo se revista de afecto. Que o abismo sexa

o colo onde descansar. Descansar é abater as resistencias psíquicas do eu. Quero, logo, poder desfacerme nun amor que é cego, no calor da nada. Pero desexo, entón, que a nada sexa quente, que esa cegueira do abismo sexa amor. Amor cósmico. Entón, o amor é a máquina perfecta de producir caos? Ou as composicións que atopa ese caos son perspectivas do amor? O amor nunca se totaliza, entón. Por iso existe Deus. Por iso non adoita existir o Amor.

Mira, vin o horror das caras descompostas pola morte. Aínda teño o bocado no padal. Como mastigo isto? Vouche contar a que sabe esta dor. E como como, expulso. De repente, todo o universo en caos da boca para fóra.

De momento só sinto o sangue a borborotos que a ferida vomita (a ferida vomítame).

Vivo no oco da chaga. Son millóns de poros con sangue en erupción.

Escribo a dor das unllas desgarradas na parede (sangrando carmín nas puntas). O xiz rascando o encerado.

Aprendín a respirar sen osíxeno, porque o *in-between* non brilla. É dunha iridescencia escura.

Decido non ofrecer a miña vida á miseria. E xa non aturo máis malas palabras, máis golpes no silencio sacro que quero seguir escoitando chegando en halos o son de deus.

Mira como esculpo no baleiro.

Mira como esculpo o baleiro.

É un xogo: a vida liberada é lucidamente lúdica. Dedico a miña vida a escribir o meu diario. A vida é, logo, isto que atopo entre as letras. Dedícome a escribir ese estado de embriaguez, pois son adicta: *unknow pleasures*. Quero escribir unha liña flotante, só perceptíbel cos ollos entreabertos, un pálpito da luz.

God has given you but one heart

Busqueite a ti, pero non soubeches encontrarme. *The way I walk is the way I love*. Camiñei o teu abismo! Que amarga morte... Cúspoch!

Agora vou durmir, vou durmir até que o espertador soe. Que doce destino este, que só me esixe pernoctar. Respira e sente que o hálito é a forza latente en ti. A tinta, coma a auga, busca o seu camiño. Xiro o pescozo fitando o colateral e apunto. Apunto todas as migallas. Que o copo de vida colmado que nos habita non derrame as súas gotas: a solicitude do real timbra na porta. *Ring my bell*.

Bendí, señor, os alimentos que teño, (pois) mastúrbome no fractal.

O prezo que paguei no taller por puírme un chisco é tan alto que non ten cifra. Por que merezo isto? Non, só o necesito. Para converterme en algo mellor. Que é mellor? Non sei ben, algo así coma unha distancia na que desaparezo, pero é moi difícil, eh? Hai que saber esixir

a deus, pedir o preciso para optimizar a potencia. Só nos falta estar listas e preparadas e ter deus ao que esixir.

Cómprenme as zonas do medio. Vou recuar. Coñezo o que vai suceder, pero vivo coma se non o soubese. Así que eu, Sísifo, antes de caer, abandono a rocha e a montaña e camiño río abaixo. E así efectúo a miña máxima liberdade. Vou levar o cabelo solto.

Xa non te quero. Que é, entón, este eco? O hábito. O hábito xa non me droga, así que rebento a camisa de forza e deixo o peito crecer. *Here we go* (e agora toca baixarse do escenario). Fico soa, por veces, para poder bailar libre a miña intimidade que, frenética, quere coñecer os movementos do seu corpo sen a mirada allea. *I used to be lonely*. Estou nas mil mesetas. Ondas do mar de Vigo. Son unha muller co seu óvulo. Recoillo o menstruio nunha cornucopia. Fico espida do mundo, abro a cama e descanso ben. Xogo co pelo, mordo algo o beizo. Non gardo rancor: deixo os arranxos pasar.

Deixa de loitar comigo, anda, pois canso os brazos. Sóltamos. *I don't wanna fight no more!* Ser demasiado elegantes para loitar é o imperativo.

Bailei, bruxa, invocando
as mans
abrindo os ceos. *O abismo que nos chama desde
o profundo de nós.*

Sei estar no cumio. Sei que volverei derrubarme montaña abaixo coa pedra enriba. Pero agora non quero os feitos,

quero escribir o non tempo. Nada planeo. Levanto o voo sobre o abismo. E os ollos tentando as órbitas.

You are not a home for the hearts of your brothers

Eu son a metralla do obxecto que varro, varro. As lascas nas que habita o baleiro.

Ves estas mans que portan a tinta, que bailan con tinta o aire? Son vellas, sabedoras de toda a longa danza de Shiva. Que ben me sinto nadando de balsa en balsa! Déixome flotar, sabendo que levanto unha man e vou ser soportada, sabendo que só me baño en piscinas. Coa auga do mar, bautízome. Nada máis.

Sabes que significa a raíña de picas que me tocou no reparto de cartas? *Ningunha vítima por falta de resposta a unha carta salpicada de bágoas.*

Boh! Xoguei todas as cartas (e ningunha valeu). Non me parece elegante xogar a gañar.

(—Asegúrate de que es libre para esquecer.)

É precisa unha cicatrización das feridas, que nunca se dá sen unha determinación de perdón. O perdón só e posíbel pola comprensión. Hai que moverse, moverse dun eu que se adhire como a auga ao chan. Unha relación serena coas emocións, unha parcela alugada no silencio é o premio do concurso ao que quero ir. A natureza bebe: gloria a deus! Quero unha meditación que capte o silencio. A meditación é Silencio.

Visualizo as miñas mans suaves retirando áreas do cerebro: expulsar os pensamentos polas tempas para acceder ao pensamento. No terreo ao que vou as letras bórranse e non as escollo ben, elipses sublimes dos desertos. Mírame: o meu pé está atravesando a porta.

O limiar.

Xa está. Boa noite.

And God does not care for your benevolence

Falo cun deus que non é. Que non é no sentido en que estamos acostumados a invocar, que non é no sentido de que non sabe ser invocado. Non responde, sequera, a un 'que é'. É unha realidade diluída. No meu sangue. Rézolle aos meus átomos: non estou á altura do que me esixen, isto é, do que eu lle esixo a eles.

Os pitiños, recén saídos do ovo, estenden as patas ao sol. Son eses costumes que se perden, e unha fica perdida (por moitos tempos). Pídlle perdón ao mundo, *que podo facer se deus escribe na area?* Como queres que me mostre? É a pregunta que non vou facer. Máis.

Escribir é rezar, pois é intentar achegarse a deus. Escribo unha apocalipse nunha noite de luz oblicua, azul en negativo. Unha radiografía é deus. Escribir non é plácido. Non gosto de escribir. Necesítase, coma unha tiritita, para non ir manchando por aí os móbeis co sangue banal, dun corte nun dedo. Escribir moito menos é antiinflamatorio, nin sequera mitiga os síntomas da existencia.

Agora estou vivindo, agora estou vivindo, agora estou
vivindo
a morte.

É só un instante.
Vou comer o tempo.

O sacrificio cruento da vida excítame e maréame: vomito
o sangue do cristo.

Anymore than he cares for the lack of it in others

Pero mira que rápido se perde o sentido! Mira que
velocidades absolutas. (*Hai drogadictos que desexan, como
dixo Fichte, un doce esquecemento de si mesmos*).

Todas as formas da terra desaparecerán. Cavando atopei
o verme que me comerá. A que saben as nubes? Como se
escoita a deus?

Tic tac
Tic tac

O pulso do silencio.

Están golpeando o tempo. O tempo golpeándose. Non:
o golpe golpeándose, parindo o tempo. Bauticeime, hoxe,
na ducha, coma filla do tempo.

O precursor escuro é a boca do oráculo. *Parecemos case
felices ao sol, mentres nos desangramos por feridas que non
coñecemos*. Non se trata de anular o ruído. Só ignorar.
Ben, a mente ignora. Pero o corpo sente. Percepción
é unha porta. Sen concesións, sen aspas.

Ponme dese ácido na lingua, dáme de comungar o baleiro líquido. Do contrario a ausencia é só un silencio coma un muro de aire condensado, espeso. Tocar unha parede que sempre, sempre te separa do seguinte paso. *Un anaco de alma que sae por unha cicatriz*. Ah!, pensar o cambio coma vida, non coma morte. E a angustia vaise no xiro da roda. Cargo o mundo sobre o lombo e voume sacudir. Soan as darbucas, está entrando a vida con loureiros na cidade. *Let's pretend that we're dead*: se me penso morta, eu xa estou morta, toda a vida se libera, potencial.

Para sorrir, sorri.

***Nor does he care for you to sit at windows
in judgement of the world he created***

As bandeiras ondeando ao tempo. Toda historia é universal: para encontrar a palabra refulxindo teño que xirar no escuro até atopar a perda, até un kairós polo que o buraco negro emite un espellismo (de sentido). Ese perforar os camiños da materia ao quark, estimula. Cada historia é universal: cada instante deses trae pegada a historia do universo, pois atravesa todo o caos e aquí o presenta. Pódese con el porque o camiño non é en van e é posíbel, entón, debuxar unha figura. O caoscosmos é reconfortante. Non dubides de que existe: experimentátese. Pasar do logos ao pathos é recuperar a vida. A vida é mínima. É esa micropartícula que non ves. E, dígoche, tense que desfacer na lingua. E pasa ao sangue. É así como a vontade de potencia é química.

A noz é gnóstica. Posúe o misterio, esa mente hipocrática:
a túa voz
espertándome
é o que quero.

Amasar a túa pel é o modo de desfacerme no pracer.
Quero, quero, quero. Xirar máis alá da roda.

***While sorrows pile up around you, ugly, useless
and over-inflated»***

Dei fonética e tiven unha pel impermeábel. Novembro ergueuse desapracíbel pero tomamos a noite na terraza de agosto. Cultivar o ser na palabra e no rego foi o que aprendín. Cando o ego comeza a inflarse, exhórtome: cultiva! Pero o ego non é só o globo: é o aire que eu respira. Microgolpes de tensión en cada milímetro de pel.

A raposa comeu o lombo da pita: alí ves, no ventre, os ovos (que ninguén comeu).

Eu leva os sentimentos ao extremo, para poder dicir palabras, eu radicaliza os matices do real, para facer unha narrativa. Eu ten que aprender a distinguir a liña literaria da existencial, mais parece que interpreta o papel da miña novela vital. Dedico a vida a escribir o meu diario. A vida é, logo, isto que atopo entre as letras.

Escribir é sufrimento e creación. Escribir é un pulso coa vida (cos puños cara ao ceo en desmedido equilibrio, para non perder fronte a ela). Un texto, así, é a expresión

da variación tonal. O timbre timbrado. *Imos, pois, ler procurando que non se petrifique o texto nas nosas mans.*

At which she turned her head away

Ves ese corpo belido? A ferida está na víscera. Os seus ollos tampouco a ven, aínda. Os seus ollos aínda non a choran.

A nosa historia foi a historia das revolucións científicas. Unha serie de construcións inválidas nada conectadas co real. Podo pensar en ti, mais eu non son os meus pensamentos. *O coñecemento é só o resultado do xogo, o enfrontamento, a confluencia, a loita e o compromiso entre os instintos.*

Unha mosca no café foi o signo.

Como o vento come a rocha, ti fixéchesme area da praia. Así que agora formo parte do mar. Recollo as experiencias que se me ofrecen e (xa) non busco ningunha. *I'd rather sink tan call Brad for help!* Quéimame o sol o rostro. Queimo os pulmóns? Queimo o tecido esponxoso no que a vida se fai vivíbel para instalarme nos montes devastados polo lume.

Carne despegada dos ósos, si. Fume, outra vez, na traquea, degolándome.

Great tears leaping from her eyes

Teño puntos de tensión no rostro e non podo facelo devir impasíbel fronte aos inputs. Un campo neutro de inmanencia, na zona do grao cero. Desfacendo o rostro, aparece a vibración. O rostro non me pertence.

Vin a vida coa morte pegada. A esperanza é só un animal que rolda. A morte é unha porta disposta a abrirse. Estou disposta.

Saín á rúa: eu tamén vin os condenados. Coa mesma experiencia ése co-lega. Que curioso, eu, a desarraigadamente ácrata, busco a biblia. Nunha arroutada tirei a rosa polo balcón, para desfacermes da dor das espiñas con eficacia e rapidez. E non sabes que mal fixen! Pois con ela se foi o corazón, e non sabes como sangraban as veas, alí, no peito! E espiñas por toda a pel que me viste. *This is a scary tale: my screaming skin.*

Sei, logo, que saio do encoro e esa mancha de serie B saltará sobre min e, contra o chan, chuchárame até os ósos outra, outra vez. Polos séculos dos séculos a mesma secuencia: *atentos, señores bañistas, terán unha sensación pegañenta* de emancipación e caída. Por iso a salvación non é salvación, fáltalle o definitivo. Existe unha perfecta lei do karma, pero non se axusta aos valores humanos. O karma é para soltar lastre, para dinamitar estratos, mais para os humanos perder cadeas é unha cousa de grande dor.

Caendo, só a gravidade, que é máis forte ca ti, pode levarme da man.

*I could not wipe the smile from my face,
as I sat sadly by her side*

*I've got a flash
on
me.*

Shhhhhhh no cerebro.

Que vai pasar agora? Que a vida se imporá, como sabe,
sobre nós, micropartículas. Todo vai suceder lonxe da
nosa vontade. E as estrelas caerán. Unha vez e outra vez.
Sequei as bágoas
e ofrecinas nos dedos
aos teus beizos:
—mira a que saben.

Abandonamos o ring. Agora que todo o noso sangue
quedou nel.

Volvín da eternidade aos baños vomitados só para
mirarme no espello, para comprobar que a pintura
corrida era digna da rotura.

A cantidade de tempo dunha historia de amor é
a cantidade de amor. A potencia que se ten para
ir desfacendo a suxeición un pouco máis. Hoxe os
nosos egos dixeron basta!, ao chegar ao seu reduto xa
insacrificábel mais destinado, coma homo sacer, sen
dúbida, ao sacrificio.

Alí, no camiño ao Partenón, verás a ermida das
metamorfoses, díxenche. E o galo cantou e a ovella beou

e nós separámonos para sempre. Os paxaros seguiron cantando. E eu gardei silencio.

Por favor, colle a miña chave e ábreme. Aquí, no peito. Líbrame de todas as mortes. Amén.

